



## Destrezas orais nivel C

### 1 Definición do nivel

Este curso ten como finalidade proporcionar ao alumnado estratexias para poder se comunicar con outros usuarios de maneira fluída e espontánea, sen apenas esforzo, demostrando un bo dominio dunha ampla variedade de lingua, cun uso flexible e efectivo da lingua para fins sociais, académicos e profesionais. de nivel de xeito adecuado ao nivel C do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*.

*O alumnado que acade o nivel C (C1 ou C2) será quen de presentar descrições claras e detalladas sobre temas complexos que inclúan outros temas, desenvolvendo ideas concretas e terminando cunha conclusión apropiada. Farao ademais de forma clara e fluída e cun estilo axeitado ao contexto e cunha estrutura lóxica e eficaz que axude á persoa oínte a fixarse nas ideas clave e a lembralas.*

*Expresarase con fluidez e espontaneidade sen ter que buscar de forma moi evidente as expresións idóneas. Utilizará a linguaxe con flexibilidade e eficacia para fins sociais e profesionais. Formulará ideas e opinións con precisión e relacionará as súas intervencións habilmente coas doutras persoas falantes. Se tivese un problema, sorteará a dificultade con tanta discreción que as demais persoas apenas se decatarán.*

O alumnado que acade este nivel estará en disposición dun coñecemento da lingua amplo para matizar e argumentar, posuirá un repertorio rico e variado de estruturas morfosintácticas e dun léxico estenso para expresarse en distintas situacións cotiás.

### 2 Duración e temporalización

Durante o curso académico 2023-24, este curso impartirase na sede central da Coruña en **dúas quendas**:

**do 12 setembro a 9 xaneiro e do finais de xaneiro ao 21 de maio**, cunha duración total de 60 horas repartidas en 30 sesións de 2 horas presenciais semanais

Quenda de mañá	martes e xoves de 11:00 a 13:00
Quenda de tarde	martes e xoves de 17:30 a 19:30

### **3 Obxectivos xerais**

- **Producir e co producir**
  - con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros.
  - cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado.
  - mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos propios das estratexias discursivas da interacción e para lograr a compensación que faga imperceptibles as dificultades que poida ter para expresar o que quere dicir.
- **Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia, unha ampla gama de textos orais complexos.

### **4 Obxectivos específicos**

- Interactuar espontaneamente en en conversas formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos.
- Dar opinión e argumentar, aínda que con certas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico.
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.
- Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con sub-temas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando for preciso do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión axeitada, unha vez respondidas as preguntas finais.

### **5 Contidos**

O curso abranguerá temáticas nos eidos da prensa e medios de comunicación, arte, música e cultura, saúde, tempo libre e lecer, medio ambiente, tecnoloxía e ciencia. Poderase completar con outros temas xerais de interese para o alumnado deste curso.

## **6 Metodoloxía e recursos didácticos**

Obviamente, o enfoque deste curso será eminentemente comunicativo e práctico co fin de fomentar a interactividade e creatividade do alumnado.

En todas as sesións serán propostas actividades e estratexias de interacción oral, e empregaranse materiais audiovisuais ou textos escritos, ben como modelo ou como fonte para poder elaborar unha conversa ou debate a partir dos mesmos. Prestarase atención especial á mellora da entoación e a pronunciación. Asemade, favorecerase a fluidez, ampliación do vocabulario e a corrección léxico-gramatical. Tamén se poderán practicar tarefas de mediación oral. Ademais, o alumnado terá a posibilidade de preparar breves presentacións sobre temas relacionados cos contidos do curso, participar en *podcast* ou outras tarefas orais.

Introduciranse xogos (*gamification*) para fomentar a colaboración entre o alumnado.

Os materiais empregados neste curso serán creados ou adaptados polo profesorado e cumprirán os requisitos legais vixentes no que atinxe aos dereitos de autoría. O profesorado facilitará estes materiais.

## **7 Atención á diversidade**

Garantirase a axuda personalizada para aquel alumnado que precise atención titorial específica ou adaptación de materiais ou tempo de preparación e/ou realización das actividades.

## **8 Avaliación**

Ao principio do obradoiro realizarase unha avaliación de diagnóstico (*needs analysis*) na que se detecte o nivel inicial de cada alumno/a.

Neste curso non haberá un exame formal. Observarase o progreso a través dun proceso de avaliación continua na propia aula. O alumnado recibirá un certificado de asistencia e aproveitamento ao remate do curso sempre que cumpra as seguintes condicións:

- 80% de asistencia ás aulas
- Participación activa
- Entrega ou presentación de tarefas, se for o caso.